

Importante ler o documento enteiro:

Ola rapaces e rapazas!! Os meus numerosos.

Esta semana, do 18 ao 22 de maio, levades as tarefas separadas por áreas. Lede ben os consellos ou a teoría que está antes dos exercicios. Mandádeme Whatsapp ou chamádeme para calquera dúbida, contestareivos ou chamareivos en canto poida ou vexa as vosas mensaxes.

O Blog de aula: <http://osnumerosos.blogspot.com/> ten cousiñas voluntarias para completar as fichas que van nos arquivos e debedes mandarme feitas. Hai un apoio importante para Plástica

Contido dos arquivos:

- **Lingua Castelá**

- Ficha lectura "Dédalo e Ícaro". Ler un par de veces e contestar as preguntas. Coidade a presentación.
- Unha ficha para aprender a escribir contos.
- Ficha de acento gráfico en palabras graves (llanas en castelán) e esdrúxulas.
- Ficha de substantivos e adxectivos

- **Lingua Galega**

- Lectura: "Un novo cociñeiro". Lede ben un par de veces antes de facer os exercicios.
- Ficha do substantivo
- Ficha para traballar o H
- Ficha de palabras polisémicas
- Ficha para comprender un cartel publicitario

- **Matemáticas:**

- Ficha do reloxo
- Ficha das distintas unidades de tempo
- Ficha para traballar con euros
- Ficha de problemas
- 3 Fichas de operacións variadas
- Ficha de percepción e atención (Revolto de animais)

- Ciencias Sociais
 - Fichas de atmosfera.
 - Ficha de O tempo atmosférico.
 - Ficha dos climas

- Ciencias Naturais
 - Fichas de Tipos de animais.
 - Fichas de Mamíferos
 - Ficha de alimentación saudable

***Importante: TEDES QUE ENVIAR UN CONSELLO PARA REDUCIR O CONSUMO DE PLÁSTICO ACOMPAÑADO DUN DEBUXO. Ten que ser un folio completo. É moi importante**

- Plástica:
 - Ficha explicativa das actividades. Esta semana o luns é o día dos Museos e propoño un reto
 - Ficha de colorear un cadro seguindo a mostra.
 - 2 fichas de unir uns puntos con rotuladores seguindo un modelo.

Outras cousas:

Lembrede ir as direccións dos especialistas e facer as súas tarefas:

- Actividades de Inglés xa que hai un arquivo de actividades para 4º (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/node/1013>)

- Actividades de Música no enlace: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/taxonomy/term/18>

- Actividades de Educación Física: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/node/762>

- Actividades propostas por M^a Jesús. Lembrede que sempre propón algo interesante que pode valer para calquera. Non deixedes de mirar as súas propostas.
Tedes unha selección de contos. Deberíades facer algún resumo de algún deles.

Hai un xogo de lonxitude moi interesante e vale para cambiar de unidades.

Hai xogos para repasar a táboa de multiplicar que nos ven moi ben.

Visitade a páxina e contádeme o que facedes dela.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/node/1008>

- **Actividades de Relixión:**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/node/1010>

Xa sei que tedes poucas gañas de traballar pero debedes de facelo e enviarme os traballos aínda a risco de facelo mal. É moi importante non perder a base para o vindeiro ano. Non deixedes de estudar.

Unha aperta e moito ánimo meus numerosos!!